

BEB/hbr

RESOLUCION PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2022076219
ASUNTO	PREMIOS PROVINCIAS Á XUVENTUDE 2023
TRÁMITE	NOMEAMENTO MEMBROS DO XURADO

O deputado delegado de Reto Demográfico, Xuventude e Desenvolvemento Rural de conformidade có establecido na Resolución Presidencial de 8 de agosto de 2023 (nº rexistro 2023006250) sobre delegación de atribucións do presidente, e no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

- **ANTECEDENTES**

1º.- No BOPPO nº 42 de 1 de marzo de 2023, publicáronse as bases reguladoras da VII edición dos Premios Provinciais á Xuventude 2023, aprobadas por Resolución Presidencial de data 20 de febreiro de 2023, có animo de promover o talento e o potencial da xuventude da nosa provincia.

2º.- Os premios están dotados cun importe de 36.000,00 €, nas seguintes categorías e subcategorías:

- Iniciativa social
- Iniciativa empresarial
- Educación en valores
- Investigación
 - o Ciencias, arquitectura e enxeñería
 - o Artes, humanidades e ciencias sociais e xurídicas
- Contido audiovisual
- Traballo musical
 - o Música clásica
 - o Outros xéneros



- Traballo literario breve
 - o Narrativa
 - o Poesía
- Banda deseñada
- Fotografía orixinal
 - o Serie fotográfica
 - o Fotografía
- Deseño e moda
- Reacción polo clima

3º.- Unha vez validadas as solicitudes de preinscripción para poder presentar proxectos, o prazo de presentación rematou o pasado 16 de agosto de 2023.

De conformidade co establecido na Base décimo segunda da convocatoria da VII edición dos Premios Provinciais á Xuventude, procede o nomeamento dos membros do xurado, en cada unha das categorías establecidas, a excepción das categorías “Iniciativa Social” e “Iniciativa empresarial” por non ter presentado proxectos no prazo establecido.

- **CONSIDERACIÓN XURÍDICAS:**

1ª.- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece que “(...)son competencias da Deputación a cooperación e fomento do desenvolvemento económico e social no territorio provincia(...)”.

2ª.- O artigo 118 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que “(...)é competencia da Deputación, a organización de concursos, exposicións e calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura(...)”, e neste senso, convócanse estes premios có fin de promover o talento e o potencial da xuventude da provincia de Pontevedra.



3ª.- O órgano competente para a aprobación das Bases é a Presidencia, estando delegada dita atribución no deputado delegado de Reto Demográfico, Xuventude e Desenvolvemento Rural de conformidade có establecido na Resolución Presidencial de 8 de agosto de 2023 (nº rexistro 2023006250) sobre delegación de atribucións do presidente, e no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente.

4ª.- As Bases Reguladoras dos VII Premios Provinciais á Xuventude, publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) número 42, do 1 de marzo de 2023, establecen, na base décimo segunda, apartado 1, que “(...)a selección e concesión dos premios obxecto desta convocatoria realizaranse segundo a proposta dun xurado nomeado pola presidenta da Deputación ou pola deputada ou deputado en quen delegue(...)”.

Ademais, determínase que, en cada unha das categorías, “(...)o xurado estará integrado por representantes da Deputación e por profesionais externas e externos en cada unha das categorías dos premios, que axustarán a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (...)”.

Ao mesmo tempo, establecece que “procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes na composición do Xurado(...)”.

De acordo có exposto e en base ás consideracións xurídicas citadas **RESOLVO:**

“1.- O nomeamento dos seguintes membros do xurado para cada unha das categorías dos premios:

- **EDUCACIÓN EN VALORES:**

Presidenta: D.ª Almudena Cons Castiñeiras, Traballadora social do Servizo de Cohesión Social e Xuventude

Secretario: D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Vogal: D.ª Sandra Vázquez Vázquez, Adxunta á Xefatura do Servizo de Cohesión Social e Xuventude

Vogal: D.ª Mónica Viqueira Martínez, Delegada Territorial de Educo Galicia



Vogal: D. José Manuel Suárez Sandomingo, Presidente da Asociación Profesional de Pedagogos/as e Psicopedagogos/as de Galicia

- **INVESTIGACIÓN:**

- **Para a subcategoría Ciencias, arquitectura e enxeñería:**

Presidenta: D.ª Begoña Estévez Bernárdez, Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude

Secretario: D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Vogal: Alicia Estévez Toranzo, Vicepresidenta da Real Academia Galega de Ciencias

Vogal: Víctor Manuel González Sánchez, Director do Centro Asociado da UNED en Pontevedra

Vogal: D.ª Sandra Bolaño García, Profesora titular da Facultade de Química da Universidade de Vigo

- **Para a subcategoría Artes, humanidades e ciencias sociais e xurídicas:**

Presidente: D.ª Noelia Novoa García, Traballadora social do Servizo de Cohesión Social e Xuventude

Secretario: D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Vogal: D.ª Regina Núñez Mosteiro, Técnica de xestión do Servizo de Cohesión Social e Xuventude

Vogal: D. Víctor Manuel González Sánchez, Director do Centro Asociado da UNED en Pontevedra

Vogal: D.ª María Yolanda Herranz Pascual, Catedrática da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo



- **CONTIDO AUDIOVISUAL:**

Presidente: D.ª Rebeca Domínguez Pérez, Xefa do Servizo de Comunicación Institucional

Secretario: D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Vogal: D.ª Silvia Mariño Laiño, Axente de Desenvolvemento Social do Servizo de Cohesión Social e Xuventude

Vogal: D. Alberto Ribas Álvarez, membro da Asociación Galega de Blogueiros

Vogal: D. Arturo Rey Soto, Auxiliar de Deseño Gráfico Web

- **TRABALLO MUSICAL:**

Presidenta: D.ª Fátima Cobo Rodríguez, Responsable de exposicións do Museo de Pontevedra

Secretario: D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Vogal: D.ª Begoña Estévez Bernárdez, Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude

Vogal: D. José Pérez Arias, Vicedirector do Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga

Vogal: D.ª Susana Laya Fernández, Codirectora do Atlantic Fest

- **TRABALLO LITERARIO:**

Presidenta: D. Rodrigo Cota González, Escritor

Secretario: D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Vogal: D.ª Noelia Novoa García, Traballadora social do Servizo de Cohesión Social e Xuventude

Vogal: D. Alberto Fortes López, Escritor



Vogal: D.ª María Dolores Villanueva Gesteira, Profesora e Escritora

- **BANDA DESEÑADA:**

Presidenta: D.ª Rebeca Domínguez Pérez, Xefa do Servizo de Comunicación Institucional

Secretario: D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Vogal: D.ª Ana Otero Sabarís, Traballadora social do Servizo de Cohesión Social e Xuventude

Vogal: D. Francisco Javier Da Silva Irago (Kiko da Silva), Autor, ilustrador e editor

Vogal: D.ª Anabel Domínguez de Lima, Técnica de deseño e imaxe da Deputación de Pontevedra

- **FOTOGRAFÍA ORIXINAL:**

Presidenta: D.ª Marta García Brea, Fotógrafa do Faro de Vigo

Secretario: D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Vogal: D.ª Begoña Estévez Bernárdez, Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude

Vogal: D. Xulio Gil, Fotógrafo

Vogal: D.ª Rebeca Domínguez Pérez, Xefa do Servizo de Comunicación Institucional

- **DESEÑO E MODA:**

Presidenta: D.ª Sonya Rojas Martínez, Oficiala de Costura C.I. Príncipe Felipe

Secretario: D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Vogal: D. Hugo Bastos Ribas, Técnico de xestión do Servizo de Cohesión Social e Xuventude



Vogal: D.^a Carolina Munáiz, Profesora da Escola Superior de Deseño e Moda FORMARTE

Vogal: D.^a Lola Dopico Aneiros, Profesora no Mestrado en moda e no Grao de Belas Artes da Universidade de Vigo

- **REACCIÓN POLO CLIMA:**

Presidenta: D.^a Concepción López Paz, Xefa do Servizo da Escola de Cantería e Medio Ambiente

Secretario: D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Vogal: D.^a Ana Otero Sabarís, Traballadora social do Servizo de Cohesión social e Xuventude

Vogal: D.^a Rebeca Domínguez Pérez, Xefa do Servizo de Comunicación Institucional

Vogal: D.^a Begoña Estévez Bernárdez, Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude

2.- Proceder á súa publicación na páxina Web www.depo.gal ”.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime convinte.

